

“O neno san”, programa preventivo con controis periódicos de saúde, crecemento e educación sanitaria

Atención específica ata os 14 anos

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Controis de saúde e crecemento, pero tamén actuacións de educación sanitaria dirixidas aos nenos e ás súas familias. O programa “O neno san” vela polo correcto desenvolvemento dos rapaces ourensáns dende que nacen ata

“O neno san” desenvólvese dende as Unidades de Pediatría de Atención Primaria (Pediatras e Enfermeiras de A.P.) e, á súa vez, coordínase cos servizos de Pediatría Hospitalaria. “É un protocolo de actividades preventivas e de promoción da saúde dirixidas á asistencia integral do neno e da súa familia. A súa instauración en Galicia ten suposto un salto de calidade na atención pediá-

do neno e con actividades preventivas e de detección precoz de problemas de saúde ademais de asistenciais. Abrangue actividades de prevención, detección precoz de enfermidades e de promoción da saúde”, explica a doutora Rúa Armesto.

Este tipo de programas preventivos combínase ademais coas consultas ordinarias e coas distintas campañas es-

un papel importante as enfermeiras, tanto no aspecto de control e de revisións, como no educativo. “Hai que ensinar e educar a pais e a rapaces”, comenta Avelina Citoula Rodríguez, enfermeira do Centro de Saúde Nóvoa Santos, en Ourense. “O programa comeza cos nenos que veñen da residencia, facémolles as probas do talón e pesámoslos para ver a perda de peso. Despois, regresan aos 15 días para un novo control, véos o pediatra e dáselle unhas vitaminas, que toman durante dous anos, e tamén se lle entrega un papel aos pais con todas as normas de alimentación do neno ata os 12 meses, e informámosles sobre as vacinas. Ademais explicámoslles ás nais cómo deben preparar os biberóns, a medida e a cantidade, xa que non é para todos os nenos igual. Ao mes regresan e de novo fánelles todos os controis, logo aos dous meses e aí xa se empeza coas vacinas. Aos tres meses hai un novo control, aos catro outra vacina, aos cinco a introdución da froita na alimentación, aos seis outra vacina e introducémoslles o puré, aos oito os cereais con gluten, aos dez o peixe... pero todo isto despois de velos, pesalos e medilos para comprobar cómo van. E así con revisións periódicas ata os 14 anos, se ben cando os nenos pasan de 6 anos os controis realízanse cada dous anos”, detalla esta enfermeira.

Cada unha das consultas de “O neno san” desenvólvese en catro apartados: a exploración física, a entrevista, a edu-



AVELINA CITOUA, ENFERMEIRA DO CENTRO NÓVOA SANTOS de Ourense, leva dende 1990 dentro do programa e asegura que se trata dunha iniciativa “moi completa e bonita. O programa comeza cos nenos que veñen da residencia, mirámoslles moi ben dende que nacen ata os 14 anos, van perfectamente controlados para levar unha vida normal”.

duta”, prosegue a doutora Rúa Armesto. E na etapa da adolescencia lévase a cabo unha entrevista individual “con especial atención a comportamentos e actitudes tanto familiares como escolares, consumo de tabaco e alcohol, educación sexual co recordo da importancia do preservativo, prevención de accidentes...”.

Unha das partes esenciais do programa “O neno san” é a vacinación, que se inicia no control dos 2 meses, segundo indica o calendario de vacinación vixente en Galicia. “Infórmase dos beneficios que conseguen as vacinas na prevención de enfermidades. Ademais de protexer ao neno vacinado, é un acto solidario, xa que ao vacinarse todos os nenos aumentase a protección a toda a comunidade, incluídos aqueles que por razón de idade ou de enfermidade non se poden vacinar”, asegura esta pediatra do Centro de Saúde de Verín. Tamén se lle indica aos pais cómo actuar no caso dunha posible reacción vacinal tanto a nivel xeral (febre), como a nivel local (roxez e

Na provincia de Ourense 35 pediatras e outras tantas enfermeiras están no programa. No primeiro semestre deste ano 2014 rexistráronse nel 12.485 consultas de pediatra e 13.149 de enfermería

dolor no sitio da inxección). En cada un dos controis aos que acude o neno procédese a revisar o calendario vacinal. E, ao remate desta ou doutras consultas, sinálaselles a vindeira cita de control.

“A resposta dos pais ao programa está sendo moi boa. A xente vén a todos os controis, non se despita ningún, están moi ao día e saben que é polo seu ben. En xeral están contentos e, como pasamos tanto tempo xuntos, pois acaba xerándose unha relación moi familiar entre os pais e os nenos e o persoal médico e de enfermería”, di a enfermeira Avelina Citoula, que leva dende marzo de 1990 dentro deste programa no Nóvoa Santos de Ourense, un dos centros de saúde máis grandes da provincia. “Aquí hai cinco pediatras e na nosa cartilla, que é a que máis nenos ten, hai máis de 1.400. Somos dos centros que máis rapaces atendemos”, comenta. “É un programa moi completo e bonito e tamén un traballo moi agradecido. Ademais ves como algúns dos rapaces que pasaron por aquí agora voltan cos seus fillos. De aquí os nenos saen aos 14 anos para levar unha vida normal, preparados para o futuro”, conclúe Citoula Rodríguez.



O PROGRAMA “O NENO SAN” desenvólvese dende as Unidades de Pediatría de Atención Primaria e, á súa vez, coordínase cos servizos de Pediatría Hospitalaria. Na fotografía, María Nieves Balado Insunza, xefa de servizo de Pediatría no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO).

os 14 anos, a través dunha serie de revisións periódicas por tramos de idade, nas que se fai un seguimento regular do crecemento e desenvolvemento dos nenos dacordo aos índices axeitados para as súas idades.

A súa implantación en Galicia remóntase a finais da década dos 80, coincidindo coa posta en marcha dos primeiros equipos de Atención Primaria e coa incorporación a eles dos pediatras. Ao longo destas tres décadas de desenvolvemento, o programa ten suposto, segundo se indica dende o Sergas, a prestación dunha asistencia integral e integrada á poboación infantil e condicionou a reorientación dende a atención meramente curativa ou reparadora cara á integración das actividades preventivas e de promoción da saúde no seo de actividade asistencial.

tricia”, destaca a doutora María José Rúa Armesto, pediatra do Centro de Saúde de Verín.

Un total de 35 pediatras e outras tantas enfermeiras, que están distribuídos en diferentes unidades e servizos ao longo da xeografía ourensá, desenvolven este programa. “Na actualidade a cobertura pediátrica acadou o 100% da provincia de Ourense dentro da rede asistencial primaria do Sergas”, indican dende a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco.

No primeiro semestre deste ano 2014 o programa rexistraba na provincia un total de 12.485 consultas para o pediatra e 13.149 consultas de enfermería. Esta iniciativa consiste “na realización de consultas programadas de pediatría e enfermería conxuntamente, cunha periodicidade segundo a idade

peciais de vacinación, de educación sanitaria ou de seguimento específico de distintas patoloxías ou enfermidades crónicas.

“Cáptase ao neno dende o seu nacemento no hospital co Programa do Cribado Neonatal. Éste está dirixido á detección de trastornos endócrinos e metabólicos conxénitos que son tratables e que non se detectan clinicamente ata que non producen danos irreversibles. Para isto recóllese unha mostra de orniños e de sangue do talón entre as 48 e 72 horas do inicio da alimentación. A partir de aquí prográmasse a seguinte cita concertada aos 15 días de vida e as sucesivas: 1 mes, 2 meses, 4 meses...”, continúa esta pediatra que aplica o programa no Centro de Saúde de Verín.

Nesta iniciativa tamén desempeñan



A DOUTORA MARÍA JOSÉ RÚA, pediatra do Centro de Saúde de Verín, explica que este programa “é un protocolo de actividades preventivas e de promoción da saúde dirixidas á asistencia integral do neno e da súa familia”.

cación para a saúde e a vacinación. “Na exploración física valórase o desenvolvemento ponderoestatural e psicomotor e realízase unha exploración

